

**Expediente núm.:** 2670/2024  
**Resolución con número e data establecidos á marxe**  
**Procedemento:** Contratacións

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista dos seguintes antecedentes :

Expediente	Procedemento	Resolución	Data
2670/2024	Aberto simplificado	Alcaldia	06/06/2024

Á vista do expediente de contratación tramitado:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Proposta do Servizo	31/05/2024	
Informe de Secretaría	06/06/2024	
Resolución de Alcaldía	06/06/2024	
Prego prescricións técnicas	08/05/2024	
Prego de cláusulas administrativas	10/06/2024	
Informe-Proposta de Secretaría	10/06/2024	
Informe de fiscalización previa	17/06/2024	
Resolución de Alcaldía	19/06/2024	
Anuncio de licitación	20/06/2024	
Acta da Mesa de Contratación	10/07/2024	
Acta da Mesa de Contratación	30/07/2024	
Informe-Proposta de Secretaría	01/08/2024	
Informe de fiscalización previa	02/08/2024	

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

<b>Subtipo do contrato:</b>	<b>Acondicionamento</b>
<b>Obxecto do contrato:</b>	<b>Mellora no Centro de Día no Concello de Ribadeo</b>
Procedemento de contratación:	Aberto simplificado
Tipo de Tramitación:	Ordinaria
Valor estimado do contrato:	41.313,57 €
Orzamento base de licitación IVE excluído:	41.313,57 €
IVE %:	8.675,85 €
Orzamento base de licitación IVE incluído:	49.989,42 €
Data de inicio do contrato:	Agosto 2024
Data de fin do contrato/Duración do contrato	2 meses



Lotes:

Dada a tipoloxía das obra que se van contratar, a duración do contrato e a súa entidade económica, non se considera razoable a división en lotes.

Dificultade da correcta execución do contrato desde o punto de vista técnico, xustificada en que:

- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato non teñen sustantividade propia de maneira que non é posible a súa execución/utilización/aproveitamento de maneira separada.
- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato non constitúen unha unidade funcional por si mesmas.
- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato executadas de forma separada sofren menoscabo ou detrimento.
- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato son inseparables ou imprescindibles de maneira conxunta.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

### RESOLVO

**Primeiro.-** Aceptar a renuncia de Marnosa Gestión de Obras, S.l. como oferta mais vantaxosa no contrato de obras de Mellora no Centro de Día do Concello de Ribadeo.

**Segundo.-** Declarar deserta a licitación posto que Marnosa Gestión de Obras, S.l. era a única oferta presentada nesta licitación.

**Terceiro.** Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

**Cuarto.-** Notificar esta resolución ao licitador presentado.

**Quinto.-** Publicar esta Resolución do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Acordouno, mándao e asíno o Sr. Alcalde-Presidente, en Ribadeo a data da sinatura do que eu Secretario en funcións dou fe.

O ALCALDE,

Asdo.: Daniel Vega Pérez

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: José Antonio Carro Asorey

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

